

NACIMIENTO DO SEÑOR (C)

PRIMEIRA LECTURA Is 52, 7-10

Lectura do libro do profeta Isaías

¡Que fermosos son sobre os montes os pés do mensaxeiro de boas novas, que anuncia a fartura, que proclama a felicidade, que pregoa a salvación, que di: Sión, o teu Deus reina! ¡Un grito! Os teus vixías levantan a voz, berran xubilosos a un tempo: "Tódolos ollos contemplarán a volta do Señor a Sión". Berrade a coro con xúbilo, ruínas de Xerusalén, que o Señor consolou o seu pobo, redimiu Xerusalén. O Señor remangou o seu brazo santo ós ollos de tódolos pobos, e tódolos confíns da terra viron a salvación do noso Deus.

SALMO RESPONSORIAL Sal 97, 1. 2-3ab. 3cd-4. 5-6

R/. (3c): Os confíns todos da terra percibiron a victoria do noso Deus.

Cantade ó Señor un cántico novo,
pois fixo marabillas;
a súa destra deulle a victoria,
o seu brazo santo.

O Señor dá a coñece-la súa victoria,
revela a súa xustiza diante dos pobos.

Lembrou a súa misericordia e a súa fidelidade
coa casa de Israel.

Os confíns todos da terra percibiron
a victoria do noso Deus.
Aclama ó Señor, terra enteira,
rompede a cantar e a tocar.

Tocade para o Señor a cítara,
a cítara e tamén o salterio;
con claríns e co son das trompetas
aclamade o Señor, noso rei.

SEGUNDA LECTURA Heb 1, 1-6

Lectura da carta ós Hebreos

Irmáns: En moitas ocasións e de moitos xeitos veulles falando Deus en tempos pasados ós nosos devanceiros por medio dos profetas. Agora, neste período definitivo, falounos por medio do seu Fillo, a quen fixo herdeiro de todo, pois xa creara por medio del o mundo e as idades. El é reflexo da súa gloria e imaxe do seu ser, El sostén tódalas cousas coa súa poderosa palabra e, despois de realiza-la purificación dos pecados, sentouse á dereita da Maxestade nas alturas, facéndose tanto máis poderoso cós anxos, canto que herdou un título máis valioso có deles.

Porque ¿a cal dos anxos lle dixo algunha vez: "Ti e-lo meu fillo, hoxe enxendrite eu"; ou tamén: "Eu serei para El un pai e El será para min un Fillo"? E cando introduce de novo o seu Fillo primoxénito ó mundo celeste, di: "Adóreno tódolos anxos de Deus".

EVANXEO Xn 1, 1-18 (longo)

Lectura do santo evanxeo sgundo Xoán

No principio existía a Palabra, e a Palabra estaba onda Deus, e a Palabra era Deus. Ela estaba no principio onda Deus. Todo foi feito por ela, e sen ela non se fixo nada do que foi feito. Nela estaba a vida, e a vida era a luz dos homes; a luz aluma na tebra, e a tebra non a deu apagado. Houbo un home mandado por Deus: o seu nome era Xoán. Este veu de testemuña para dar testemuño da luz, para que todos cresen por el.

Non era el a luz, senón que veu para dar testemuño da luz. A Palabra era a verdadeira luz que aluma a todo home que vén a este mundo. Ela estaba no mundo, e o mundo foi feito por ela, pero o mundo non a recoñeceu. Veu á súa propiedade, e os seus non a acolleron.

Pero a cantos a recibiron, -ós que cren no seu nome- déulle-lo poder de seren fillos de Deus. Estes, non naceron do sangue, nin da vontade da carne, nin da vontade do home, senón de Deus. E a Palabra fíxose carne, e plantou entre nós a súa tenda, e nós vímo-la súa gloria, gloria coma de Unixénito que vén do Pai, cheo de gracia e de verdade.

Xoán dá testemuño del, exclamando: Este évos de quen eu dixen: "O que vén detrás miña, pasa diante miña, pois existía primeiro ca min". E da súa abundancia recibimos todos nós gracia e máis gracia. Pois a Lei deuse por medio de Moisés; a gracia e a verdade realizáronse por Xesús Cristo. A Deus ninguén o viu; o Unixénito, que está no seo do Pai, foi quen nolo revelou.

Ou máis breve: 1-5. 9-14

Lectura do santo evanxeo segundo Xoán

No principio existía a Palabra, e a Palabra estaba onda Deus, e a Palabra era Deus. Ela estaba no principio onda Deus. Todo foi feito por ela, e sen ela non se fixo nada do que foi feito. Nela estaba a vida, e a vida era a luz dos homes; a luz aluma na tebra, e a tebra non a deu apagado. A Palabra era a verdadeira luz que aluma a todo home que vén a este mundo.

Ela estaba no mundo, e o mundo foi feito por ela, pero o mundo non a recoñeceu. Veu á súa propiedade, e os seus non a acolleron. Pero a cantos a recibiron, -ós que cren no seu nome- déulle-lo poder de seren fillos de Deus.

Estes, non naceron do sangue, nin da vontade da carne, nin da vontade do home, senón de Deus. E a Palabra fíxose carne, e plantou entre nós a súa tenda, e nós vímo-la súa gloria, gloria coma de Unixénito que vén do Pai, cheo de gracia e de verdade.